




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Mariña Lucense. Sector: Mariña Occidental. Municipios: Foz e O Valadouro. Parroquias: Santiago de Fazouro, Santo Acisclo do Valadouro, San Xiao de Nois, San Xiao de Cordido e San Pedro de Cangas (Foz); Santo Estevo de Moucide (O Valadouro). Extensión: 26,36Km2

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada pero con elementos sedimentarios ao pé. Divídese en dous sectores. O oriental con perfil típico de rasa, aínda que de menores dimensións que os seus homólogos do extremo oriental. Acontécese cantís de parede vertical precedidos por plataformas estruturais inclinadas, con areas de certa talla como Area Longa e Area da Fame-Xuncos. O enlace coas serras é máis gradual que en sectores próximos. Ao oeste, a fosa do Moucide acada a costa á altura de Cangas, prolongando a planicie cara ao interior e permitindo un perfil máis encaixado cun fondo de val bastante plano e vertentes laterais de contacto brusco, fortes pendentes e notable elevación. Existen depósitos terciarios e cuaternarios costeiros que deben entenderse como patrimonio xeomorfolóxico a protexer. A costa é moi dinámica, con escorregamentos e desprendementos que poñen en perigo as infraestruturas do teito de cantís. Así, os pequenos areas de pé, as praias de cantos e bloques e a costa recortada son características deste tramo. Inclúe o EIX Paleoformas e depósitos costeiro de Arealonga.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A área divídese en dúas grandes unidades litolóxicas. A do val do río Moucide cara ao oeste e norte, no bloque elevado do Alto de Toxeiras e Monte de Moucide, componse de cuarcitas da Formación Cándana-tramo inferior. A segunda, o propio val do Moucide e o sector oriental, está ocupado polos xistos, cuarxozistos, cuarcitas e calcarias da formación Cándana-tramo superior. Á primeira pertencen, a elevación Pico do Faro-Monte do Calvario e o Couto da Lagoa. Na cobertura sedimentaria, depósitos coluvionais e conos de dexección, tapizan as ladeiras da unidade montañosa noroccidental, aparecendo tamén materiais terciarios sobre o val tectónico. Sobre a chaira costeira acumúlanse os depósitos pleistocenos "tipo rasa", e os materiais terciarios da Formación Fazouro. É un tramo moi tectonizado. Ademais do grabben do Río Moucide, unha rede de fracturas NO-SE configura a rede fluvial do Moucide, sobre os que se asentan, como no río principal, depósitos aluviais recentes.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Franxa costeira e vertentes máis próximas con temperaturas medias anuais por riba dos 14°C e precipitacións entre 800mm e 1000mm, forman parte do dominio climático Cálido e Seco. As vertentes montañosas occidentais, entre o Alto de Toxeiras e Montes de Moucide, inclúense no dominio Temperado-Subhúmido, debido a maiores precipitacións e a temperaturas medias entre 12-14°C.

OS SOLOS

Na chaira costeira oriental alternan os solos tipo cambisol gleico cos gleisois dos vales fluviais. Os solos das vertentes mostran procesos máis ou menos intensos de podsolización onde coa natureza litolóxica. Así, hai cambisois dístricos ao sur, nos montes do Calvario e Couto da Lagoa, e unha catena con tres tipos diferentes no extremo occidental da unidade: podzoles na parte inferior do val de Moucide, cambisois dístricos en ladeira e os menos evolucionados umbrisois dístrico -nos altos de Toxeiras e Moucide.


AS AUGAS

Tres ríos configuran a rede fluvial da Costa de Cangas: Rego da Lagoa, Rego Real e na parte central o maior de todos, o Río Moucide, cunha cunca disimétrica na que os seus tres principais afluentes pola marxe esquerda aproveitan unha rede de fracturas NON-SE. As correntes fluviais verten ás masas de Augas Costeiras 20109 e 20111 separadas en Os Castelos preto de Cangas.

O PATRIMONIO NATURAL

O dominio dos sectores acantilados dá importancia ao hábitat "cantís atlánticos" (1230), con presenza dalgunhas covas mariñas mergulladas e semimergulladas (8330). É unha unidade moi modificada, polo que os hábitats continentais de interese áchanse moi degradados. Aínda así son de destacar as masas ripícolas do Río Ouro e dos altos vales dos afluentes do mesmo pola esquerda (91E0), onde tamén hai estreitas áreas hidromorfas, turfófilas nas cabeceiras; e algunhas masas de recolonización na chaira costeira e o fondo do val principal. Nas elevacións da serra poden aparecer, potencialmente áreas de turba.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Nesta unidade combínanse tres sectores contrastados: un o da plataforma costeira, ocupado esencialmente por terreos de cultivo, infraestruturas de comunicación e nas últimas décadas, unha densificada rede de asentamentos; outro sector no que a orografía é máis relevante, ao norte, oeste e suroeste da unidade, onde o uso predominante é o forestal; e un terceiro sector formado polo val do arroio Moucide en cuxo fondo se asentan os mesmos usos que na plataforma costeira, pero cunha menor densidade edificatoria. No tramo final do Moucide, próximo á súa desembocadura, constátase a existencia dun bosque de ribeira discontinuo, do mesmo xeito que no arroio da Granda, afluente do anterior. Na fronte costeira, alí onde se conserva con certa naturalidade, aínda existen masas de vexetación propias de contornas costeiras. Tamén hai presenzas ao pé dalgúns dos relevos da unidade, de pequenas manchas de bosques de repoboación, moi dispersas e reducidas.

MORFOLOXÍA

O sistema de asentamentos da unidade está experimentando un importante crecemento que transforma o modelo orixinal. O asentamento tradicional buscaba emprazamentos, aínda que paralelos á costa, relativamente afastados do mar ao pé dos relevos existentes. Por iso, a maioría dos núcleos rurais da unidade localízanse na cota de 50 metros ou por riba, salvo excepcións (o núcleo de identidade litoral de Nois no centro e A Ribela ao norte) e presentan unha disposición agrupada formando conxuntos definidos que respectan o espazo destinado ao cultivo. Fronte a isto, os novos procesos de edificación introducen alteracións sensibles, tanto no tocante á localización, como á tipoloxía construtiva: as novas edificacións sitúanse, maioritariamente, por baixo da cota de 50 m., ocupando de maneira dispersa e sen modelo aparente, a chaira costeira en toda a súa extensión, cunha tipoloxía de vivendas illadas, ou ben formando pequenas urbanizacións sen trama ou ben aliándose na contorna das estradas, principalmente a N-642 e LU-192.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede de comunicacións presenta dous eixos principais. Un de carácter lonxitudinal á costa, que presenta distintas bandas segundo a súa proximidade ao mar: A máis próxima, cunha separación entre os 100 e 700 metros, está formada pola LU-2013, N-642 e vías de FEVE; e unha segunda, separada entre os 500 e 1300 metros, constituída pola LU-2007 (procedente de Lousada, ao sueste, e enlazando cos asentamentos de Trasmañó e Trasmonte das Chousas), e o antigo camiño real que conectaba os núcleos anteriores coa Ribela e Vilachá no extremo norte da unidade. Doutra banda, o eixo transversal está composto por ramais secundarios de escaso percorrido que parten da N-642, pola mencionada LU-2007 que vira cara ao interior bordeando o Pico do Faro, e pola LU-162, que discorre rectilínea aproveitando o val do arroio Moucide, desde o seu inicio na N-642, á altura de Vilachá, cara ao interior. Por último, cabe sinalar a presenza do pequeno porto de Nois, de singular emprazamento e escasa actividade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Até seis xacementos arqueolóxicos catalogados localízanse no interior da unidade. Cinco deles son castros (Castro de Fazouro, Os Castros, O Curveiro, Punta dos Castros e o Castro de Coto do Pico situado no val do Moucide nos límites da unidade) e un túmulo identificado como Mámoa da Carballeira, nas proximidades da Ribela. A unidade ademais ofrece un rico patrimonio cultural de carácter civil, relixioso e etnográfico repartido entre os seus asentamentos de carácter tradicional: Casa reitoral de San Xiao e igrexa de Cordido; Capela da Virxe dos Desamparados en Abeleiras; cruceiro en Carballal; casonas indianas, casa reitoral e igrexa parroquial en Cangas; Capela da Inmaculada na Ribela, Casa do Lagar en Alamparte; casonas brasonadas e Capela da Virxe do Socorro en Cabanas; igrexa e fábrica de salgadura en Nois.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

É evidente o cambio de orientación que está a soportar o conxunto da unidade. Aínda que as zonas de monte manteñen o seu carácter forestal, nas zonas chairas o carácter tradicional preexistente, baseado nas actividades agrarias, está a ser rapidamente modificado. O uso residencial non parece que estableza un modelo de ocupación que responda a un modelo coherente tal e como demostra o feito de que a inmensa maioría das edificacións xurdidas no último medio século se localicen por baixo da cota de 50 metros, algo que no pasado só sucedía de maneira excepcional. O modelo de organización actual é o reflexo das tensións introducidas pola N-642 e os procesos contemporáneos de ocupación intensiva dos bordos costeiros con asentamentos dispersos de baixa densidade. O val do Moucide introduce unha variable perpendicular no sistema de asentamentos, xa que existe unha proliferación de edificacións no eixo da estrada LU-192 que vai decrecendo a medida que se afasta da costa.

DINÁMICA DA PAISAXE


No tocante á matriz biofísica da unidade, pódese comentar o beneficioso aumento xeneralizado das masas boscosas do conxunto da unidade, aínda que, tamén houbo dinámicas negativas de gran valor ecolóxico: a redución e perda de continuidade da vexetación de ribeira do arroio Moucide, moi perceptible no tramo previo á N-642 en dirección á costa, e do seu afluente o arroio da Granda. Doutra banda, produciuse un proceso de concentración parcelaria que posibilitou a creación de novos viarios que posteriormente foron consolidados. En canto ao modelo de asentamentos, obsérvase unha notable densificación edificatoria no conxunto da unidade e a ocupación de terreos anteriormente dedicados ao cultivo, sobre todo os máis próximos á costa.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

O territorio que comprende a unidade conta con importantes atractivos como o amplo patrimonio arqueolóxico e patrimonial, unha fronte costeira caracterizada pola alternancia de cantís de parede vertical e areas de certa entidade como Area Longa e Area da Fame-Xuncos, e entre ambos, areas de pé de cantil, praias de cantos e bloques e illotes como o de Pena Orxal, reduto illado do que fose a antiga liña de costa. Ademais, nesta unidade localízase o último sector de relevo tipo rasa da Mariña lucense que contrasta visualmente ao noroeste coas elevacións costeiras da serra do Valadouro, o Monte Rañadoira e As Lobeiras, todos por riba dos 400 metros. Precisamente o cordal das Lobeiras atópase recollido no inventario de Brañas Galegas (como "Brañas de Velasindre"), e é que nel se atopan os nacementos de boa parte dos afluentes do arroio Moucide que, debido á súa peculiar implantación no territorio e orientación, perpendicular á costa, se pode converter nun magnífico corredor ecolóxico que sirva para pór en contacto a costa coas terras do interior. A observación da unidade é posible tanto desde calquera das puntas e cabos do litoral (Punta dos Castros, Punta Riomar, Punta do Mógaro) como desde algún dos seus cumes (Pico do Faro de 225 m, Coto de Abelairas 150 m, As Lobeiras 475 m, Alto de Toxeiras).



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos espontáneos na contorna próxima á Praia de San Pedro na contorna das vías de comunicación, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de novas vivendas unifamiliares na fronte costeira que impidan a contemplación do horizonte depreciando a imaxe do conxunto, mellorar tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:24.532

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



